


Que é a Arte?

Coñeces esta imaxe?





Isto é unha pipa



E isto segue sen ser
unha pipa.
Que é?

É un cadro, obra do pintor belga René Magritte (1928-29), destacado membro da corrente surrealista.



Los Ángeles County Museum

QUE É A ARTE?

Cando un obxecto é unha obra de arte e cando non?

Cal é o seu valor?

Para que serve?

A que dan importancia nunha obra de arte os historiadores?

*As respostas a estas preguntas servirán para
comezar a reflexión*

QUE Á A ARTE?

ACTIVIDADE CREADORA
DO SER HUMANO


INDIVIDUAL

COLECTIVA

EXPRESA UNHA DETERMINADA
“PERCEPCIÓN DA REALIDADE”

Unha linguaxe?
Unha forma de expresar qué...?
Que función ten?
Para que serve?


Condições para definir a Arte?







COMO MIRAMOS A OBRA DE ARTE?




Porque...

Ainda que sobre gustos non hai nada escrito...

O GUSTO pode desenvolverse



UN XEITO DIFERENTE DE MIRAR... A REALIDADE



COMO APRENDER A MIRAR UNHA OBRA DE ARTE?

PROCESO

- **Interpretar a linguaxe artística:** saber ler a obra de arte.
- **Coñecer a morfoloxía** (o medio) coa que se constrúe a linguaxe artística (arquitectura, escultura, pintura, fotografía, cine...).
- Valoración do **contexto histórico** no que se produce a obra de arte e vive o **artista**.

Un espectador formado convértese nun **receptor consciente** da obra de arte

EXERCITAR A MIRADA = FORMAR A MIRADA

QUE LLE PREOCUPA AO ARTISTA?

Non tanto a beleza ou a expresividade (que dá por supostas), senón o ACERTAR no resultado final da obra (composición, cor, textura, etc.)



POR QUE A ARTE ESTÁ NOS MUSEOS?



POR QUE A ARTE ESTÁ NOS MUSEOS?

A obra non foi concebida para estar nun museo, “colgando” dunha parede, no interior dunha vitrina ou sobre unha peana. Non hai nela nada misterioso ou sobrenatural, senón reflexión e proceso de elaboración.



A obra debe ser posta en relación co seu contexto social (quen a encarga e como intervén, onde estará, que función se lle outorga...)

A ARTE NA RÚA... A RÚA COMO LENZO



A palabra **arte** procede do termo latino **ars**.

Na **Antigüidade** considerouse a *arte* como a pericia e a habilidade na produción de algo.

A partir do **século XV**, durante o Renacemento italiano, por primeira vez faise a distinción entre o artesán e o artista (**artesanía** e **belas artes**) e, por iso mesmo, entre o artesán, produtor de obras múltiples, e o artista, produtor de obras únicas. Tamén neste período créase unha linguaxe artellada para referirse ao exterior e non á representación formal.

Quedan deste xeito clasificadas as artes liberais (as actuais belas artes) en tres oficios: **escultores, pintores e arquitectos**.

A finais do **século XVIII** e, sobre todo, no **XIX** (Industrialización) dase unha verdadeira oposición entre o produto artístico (traballo global con carácter exclusivo) e o industrial (traballo parcelado e producido en serie). Neste período producíuse un notable incremento das **coleccións privadas**, creáronse as primeiras **academias de arte** (sen acceso para as mulleres ata os inicios do XIX) e os primeiros **museos**. Xurdíu a idea de **patrimonio** coa aparición dos primeiros museos (nados, en moitos casos, das coleccións reais) e os “especialistas” como críticos, galeristas e coleccionistas.

CONCEPTO DE ARTE: RESPOSTAS AO LONGO DA HISTORIA

Na GRECIA CLÁSICA (S.V a.C.): busca do ideal de BELEZA e fixación do CÁNON CLÁSICO. O concepto de CLASICISMO reivindicarase ao longo da historia: Renacemento (S.XV-XVI), Neoclasicismo (S.XVIII).

Na IDADE MEDIA (Occidente, S.VII-XIV): A mentalidade relixiosa condiciona o valor das expresións artísticas nesta época e en diferentes culturas (Cristiandade, Islam...). A Arte é un xeito de honrar a Deus.

Na ÉPOCA CONTEMPORÁNEA (desde o S.XIX):

- Ruptura definitiva das tradicionais concepcións da arte.
- Multiplicidade de movementos e estilos artísticos.
- Triunfo do subxetivismo e do individualismo.



CONSIDERACIÓN SOCIAL DO ARTISTA

Evolución ao longo da Historia

Na Antigüidade e na Idade Media, a labor artística era considerada como unha ACTIVIDADE ARTESANAL. Os autores non tiñan relevancia social.



**Renacemento
Barroco
SS. XV-XVIII**



Recoñecemento do carácter intelectual da actividade artística. Consolidación da figura do “Artista”.



TEORÍA E FUNCIÓN DA ARTE



```
graph TD; A([TEORÍA E FUNCIÓN DA ARTE]) --> B([A ARTE E A CREAÇÃO ARTÍSTICA]); A --> C([NATUREZA DA OBRA DE ARTE]); A --> D([A OBRA E O ESTILO ARTÍSTICO]); A --> E([CLASIFICACIÓN DAS OBRAS DE ARTE]); A --> F([A FUNCIÓN DA OBRA DE ARTE]);
```

A ARTE E A CREAÇÃO
ARTÍSTICA

NATUREZA DA OBRA
DE ARTE

A OBRA E O ESTILO
ARTÍSTICO

CLASIFICACIÓN DAS
OBRAS DE ARTE

A FUNCIÓN DA OBRA
DE ARTE

1. A ARTE E A CREAÇÃO ARTÍSTICA

A creación artística é inherente ao ser humano, desde a nenez e desde as primeiras culturas do Homo Sapiens. A arte e o home son inseparables.



A obra de arte é COMUNICACIÓN. É un dos **códigos** creados polo home para expresar e transmitir ideas e sentimentos, polo que a creación artística é unha **linguaxe**, a linguaxe artística. Mediante a arte o home imita ou expresa o material ou o inmaterial. O artista expresa imaxes da realidade física ou humana ou simplemente sentimentos, soños ou esperanzas. En definitiva, crea copiando, evocando ou inventando.



O autor, independentemente da época e do modo de expresión, é, ante todo, creador. Unhas veces dá resposta a criterios ou normas da súa civilización e outras expresa as súas ideas e sentimentos con maior liberdade.



A ARTE E A BELEZA

A creación artística non necesariamente leva implícita a idea de beleza, xa que ás veces se expresa con formas feas e ata grotescas.



2. NATUREZA DA OBRA DE ARTE

A obra artística é o resultado dunha serie de factores que inflúen no creador e na obra de arte en si, xa que nela inciden e resúmense nunha serie de compoñentes individuais (a personalidade do artista), intelectuais (as ideas da época), sociais (a clientela e os gustos da sociedade do momento) e técnicos.



2.1. A personalidade do artista

A obra de arte reflicte unha personalidade creadora (*Non existe a arte, só artistas*, dixo Gombrich), polo que podemos chegar a aprezar as características psicolóxicas do artista a través da súa obra (Van Gogh, Picasso). Pero non actúa o creador sen máis referencia que a o seu propio eu; é inevitable que o mundo exterior da realidade visible incida sobre os seus sentidos e inflúa nas súas creacións.



2.2. As ideas e os gustos da época

Sobre a personalidade do artista superponse o mundo de pensamentos e sentimentos da época na que o artista traballa, o que inflúe sobre as súas creacións consciente ou inconscientemente. Poden influir circunstancias excepcionais da vida do artista, os acontecementos que lle tocan vivir, ou a obra dos seus contemporáneos, factor que inflúe na produción de cada un dos outros artistas.



Polo tanto, as obras de arte non son simplemente a expresión dun artista individual, senón que deixan ver ademais múltiples aspectos dunha época, dunha sociedade, aínda que a última palabra a ten o xenio individual. A arte é o reflexo da sociedade no momento no que se crea.



2.3. Os coñecementos técnicos

Na medida en que a actividade artística esixe destreza manual, as posibilidades e características do material sobre o que se traballa e os coñecementos técnicos que se teñen, en xeral e sobre os materiais concretos e as súas posibilidades de traballo, inflúen necesariamente na obra final.



A historia da arte non é acumulativa, isto é, un estilo non supón un progreso sobre o anterior, nin a arte dun século implica superioridade sobre o dos precedentes. Pero si o é en sentido técnico, porque os medios de traballo vanse descubriendo e perfeccionando sucesivamente.




3. A OBRA ARTÍSTICA E O ESTILO

Denominamos “estilo artístico” ao xeito de manifestarse un artista ou unha colectividade mediante unhas características comúns que se repiten durante unha determinada época. En arte trátase dun concepto fundamental, sen o cal careceríamos dos elementos que distinguen a todas as creacións dunha mesma época e do sentido da evolución das formas.



En relación co **proceso de evolución dos estilos** e, máis concretamente, referíndonos á súa **desaparición e substitución por outros novos**, algúns tratadistas basean as súas explicacións na aparición de innovacións técnicas, pero isto é só unha das explicacións posibles ou aplicable unicamente a momentos concretos, porque tamén os cambios de estilo poden deberse a **cambios sociais, ideolóxicos, relixiosos, políticos, etc.**





4. CLASIFICACIÓN DAS OBRAS DE ARTE

A clasificación que debemos establecer, ao quedar nela incluídas todas as súas manifestacións, é a que divide as obras de arte en **Artes Plásticas** (arquitectura, pintura e escultura), **Artes Decorativas** (subordinadas á arquitectura, como os **mosaicos**, **vidreiras**, **xeserías**... e exentas, como a **miniatura**, o **gravado**, a **orfebrería**, os **esmaltes**, a **cerámica**...) e, por último, as **Artes Non Plásticas** (literatura, música, danza, fotografía, cine, etc.).




5. A FUNCIÓN DA ARTE

Desde sempre a función principal da arte (sobre todo da pintura e da escultura) foi a imitación ou representación da realidade. Na actualidade, é evidente que a fotografía e o cine cumpren con maior exactitude esta posibilidade.



Na época contemporânea os artistas tiveram que buscar outras saídas, convertendo a arte nunha **arte-creación**, de **alto contido conceptual e subxectivo**.



1. A función da escultura e da pintura

A función tanto da escultura como da pintura evolucionou ao longo da Historia. Nas súas primeiras manifestacións as funcións estaban definidas polo seu carácter máxico e relixioso (**función relixiosa**). Esta carácter máxico-relixioso estivo asociado á arte ata os inicios da modernidade, xa que as institucións relixiosas tiveron un papel determinante na creación artística ao longo da Historia. Foi, ademais, un elemento común a todas as civilizacións.



Posteriormente, cando as institucións políticas e relixiosas comezan a realizar grandes edificios, a escultura e a pintura serviron para amosar o poder e a riqueza dos seus construtores (**función política**).



Noutras ocasións, destaca unha clara función conmemorativa, converténdose as obras de arte en importantes instrumentos “educativos” (**función conmemorativa e educativa ou propagandística**). En todos estes casos son tamén elementos de representación de ideais estéticos (**función estética**).



5.2. A función da arquitectura

A arquitectura ten un **fin eminentemente utilitario**. Hai que atender prioritariamente aos **aspectos técnicos**, aínda que tamén son importantes os **aspectos estéticos**, o que permitiu que a historia dos estilos arquitectónicos sexa rica e variada.

